8	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		200.757,51 €
9	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL		192.952,78 €
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	191.869,70 €
11	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	B	201.102,00 €
12	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		195.117,34 €

MEDIA 191.063,60	NOVA MEDIA 188.588,04
---------------------	--------------------------

BAIXA DESPROPORCIONADA 171.957,24	NOVA BAIXA 169.729,24
--------------------------------------	--------------------------

10% ARriba 210.169,95

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

Observase que a oferta da mercantil Construcciones Isidro Otero SL, incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acorda, que polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado, para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29/10/2020, dando conta dos informes relativos as baixas desproporcionadas e valoración e propostas con CSV: IV7G46BMCH4537X5CBUU6J7AKM

A Mesa, tendo en conta o informe anteriormente citado, por unanimidade, acorda aceptalo e en consecuencia facelo seu, incorporado ao expediente, polo que procedeu á valoración das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:



EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	CHOLO SL	172.175,89 €	84,95	300,00 €	0,42	85,37
2	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	167.180,00 €	95,00	600,00 €	0,85	95,85
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	213.343,57 €	2,16	0,00 €	0,00	2,16
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	181.444,00 €	66,31	661,16 €	0,93	67,24
5	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	179.294,00 €	70,64	661,16 €	0,93	71,57
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL	207.693,87 €	13,52	292,39 €	0,41	13,93
7	JOSE SANJURJO CONSTRUCCIONES SL	190.251,29 €	48,60	3.544,06 €	5,00	53,60
8	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	200.757,51 €	27,47	409,92 €	0,58	28,05
9	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL	192.952,78 €	43,17	3.544,06 €	5,00	48,17
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	191.869,70 €	45,34	0,00 €	0,00	45,34
11	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	201.102,00 €	26,78	3.544,00 €	5,00	31,78
12	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	195.117,34 €	38,81	1.239,67 €	1,75	40,56

A Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	95,85
2	CHOLO SL	85,37
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	71,57
4	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	67,24
5	JOSE SANJURJO CONSTRUCCIONES SL	53,60
6	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL	48,17
7	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	45,34
8	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	40,56
9	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	31,78
10	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	28,05
11	GRUPO BASCUAS 2008 SL	13,93
12	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	2,16

Requirir á empresa Construcciones Isidro Otero SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 06/11/2020, con CSV: IV7G4LRZYEO577RCCNGCABTHEI, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Construcciones Isidro Otero SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula

décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 10/11/2020, rematando o prazo de presentación o día 24/11/2020. A mercantil Construcciones Isidro Otero SL, presentou a documentación requirida o 19/11/2020.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 03/12/2020, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Isidro Otero SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Isidro Otero SL representada por D. Isidro Otero Bello, a contratación da obra denominada A PASTORIZA.- Rehabilitación de firme LU-P-1106 “Castro de Rei (LU-P-1611) – Reigosa – Campo do Oso (LU-125)”, P.K. 16+900 A 20+450, no prezo de 167.180,00 €, dos cales 29.014,71 € corresponden ao IVE (21%) e un plan de divulgación e posta en valor das obras executadas de 600,00 € mais IVE, e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



Instar, de conformidad co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Isidro Otero SL representada por D. Isidro Otero Bello, a contratación da obra denominada A PASTORIZA.- Rehabilitación de firme LU-P-1106 “Castro de Rei (LU-P-1611) – Reigosa – Campo do Oso (LU-125)”, P.K. 16+900 A 20+450, no prezo de 167.180,00 €, dos cales 29.014,71 € corresponden ao IVE (21%) e un plan de divulgación e posta en valor das obras executadas de 600,00 € mais IVE, e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE DIVERSOS CONTRATOS.

Proposta de aprobación, se procede, da modificación do proxecto da obra identificada como: MONFORTE DE LEMOS.- Acondicionamento LU-P-3207 "Seoane (LU-617) - Tor (LU--P-0901), P.K. 0+000 - 3+330 e vial interior Pazo de Tor.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

O proxecto da obra de MONFORTE DE LEMOS.- Acondicionamento LU-P-3207 "Seoane (LU-617) - Tor (LU--P-0901), P.K. 0+000 - 3+330 e vial interior Pazo de Tor, foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 20/12/2019, por un importe de 604.925,00 €, dos cales 104.986,98 € son de IVE.

A obra foi adxudicada a empresa Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA por acordo da Xunta de Goberno de data 29/05/2020, no prezo de no prezo de 477.830,26 €, dos cales



82.929,22 € son de IVE; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.000,00 € e 630,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

Con data 08/06/2020, formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo.

En data 07/07/2020, asínase acta de comprobación de replanteo.

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 27/11/2020 aprobouse autorización para redacción do proxecto modificado da obra indicada, e a continuación provisional das obras, que non supón aumento do orzamento respecto do prezo primitivo do contrato.

Na 08/12/2020, recibíuse neste Servizo de Contratación e Fomento expediente telemático 2020/XEN_01/002417, de proposta de modificación do proxecto da obra identificado na cabeceira, así como informe do Director Técnico e informe favorable de supervisión, incorporados ao expediente.

Consideracions xuridicas

Tendo en conta o previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (en adiante RXLCSP), que sinala “ Con carácter general, salvo lo establecido en la legislación de contratos de las Administraciones públicas para casos específicos, cuantas incidencias surjan entre la Administración y el contratista en la ejecución de un contrato por diferencias en la interpretación de lo convenido o por la necesidad de modificar las condiciones contractuales, se tramitarán mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente las actuaciones siguientes:

Propuesta de la Administración o petición del contratista.

Audiencia del contratista e informe del servicio competente a evacuar en ambos casos en un plazo de cinco días hábiles.

Informe, en su caso, de la Asesoría Jurídica y de la Intervención, a evacuar en el mismo plazo anterior.

Resolución motivada del órgano que haya celebrado el contrato y subsiguiente notificación al contratista.

Salvo que motivos de interés público lo justifiquen o la naturaleza de las incidencias lo requiera, la tramitación de estas últimas no determinará la paralización del contrato”.

O artigo 242. 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP), indica, en relación coa modificación dos proxectos “... Cuando el director facultativo de la obra considere necesaria una modificación del proyecto y se cumplan los requisitos que a tal efecto regula esta Ley, recabará del órgano de contratación autorización para iniciar el correspondiente expediente”.

Neste caso, dita autorización foi aprobada pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 27/11/2020.

Tendo en conta o disposto no artigo 205 da LCSP, que establece “Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

a) Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.

b) Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

2. Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes:



a) Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

1.º Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

2.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido. (...)”.

No proxecto modificado, e informe da Dirección técnica, indicase o suposto acaecido para a modificación, así como relativo aos requisitos recollidos no apartado B) do artigo 205.2, e que o importe máximo previsto do modificado non incrementa o importe da obra con respecto ao proxecto primitivo.

No que atinxe as especialidades procedementais sinaladas no artigo 207 da LCSP, a proposta para a modificación, así como o proxecto modificado, aparece aceptada polo contratista, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

En todo caso e consonte ao establecido polo Artigo 206 da LCSP, “... las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando impliquen, aislada o conjuntamente, una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido.

Cuando de acuerdo con lo dispuesto en el apartado anterior la modificación no resulte obligatoria para el contratista, la misma solo será acordada por el órgano de contratación previa conformidad por escrito del mismo, resolviéndose el contrato, en caso contrario, de conformidad con lo establecido en la letra g) del apartado 1 del artículo 211”.

Non obstante, segundo o informe da Dirección Técnica, nesta caso non supera o 20%, xa que indica que non supón incremento económico.

Tratándose dun contrato de obras, debe atenderse ao establecido no artigo 242 da LCSP, que sinala “...Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles. Cuando el contratista no aceptase los precios fijados, el órgano de contratación podrá contratarlas con otro empresario en los mismos precios que hubiese fijado, ejecutarlas directamente u optar por la resolución del contrato conforme al artículo 211 de esta Ley”. Este trámite coñécese como acta de prezos contraditorios.

Que de acordo co establecido no artigo 242.5 da LCSP, reproducido, cando a tramitación do modificado esixa a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras e elo ocasionará graves prexuízos para o interese público, poderase acordar que continúen provisionalmente as mesmas, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e exista crédito adecuado e suficiente para a súa financiación.

Neste caso, segundo o informe técnico, non supón incremento, constando acordo da Xunta de Goberno de data 27/11/2020 aprobando a continuación das obras mentres se redacta o modificado do proxecto.

Consta informe supervisión favorable, do proxecto modificado, de data 11/12/2020, incorporado ao expediente.

A modificación do contrato conlevará o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.2 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado.

Neste caso non procede ao non haber incremento económico.



A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (RXLCAP). No proxecto indícase que se modifica o prazo de execución, sendo a nova data de finalización o 07/03/2021.

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3 “O órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é o que figura no apartado B do cadro resumo (Xunta de Goberno).

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos e poñen fin a vía administrativa, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación en vía administrativa e/ou xurisdiccional, nos termos que se indican. O órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 54 do Regulamento orgánico, da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación para a modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente a modificación do proxecto da obra MONFORTE DE LEMOS.- Acondicionamento LU-P-3207 "Seoane (LU-617) - Tor (LU--P-0901), P.K. 0+000 - 3+330 e vial interior Pazo de Tor entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte resolución neste sentido:

Aprobar o proxecto modificado da obra MONFORTE DE LEMOS.- Acondicionamento LU-P-3207 "Seoane (LU-617) - Tor (LU--P-0901), P.K. 0+000 - 3+330 e vial interior Pazo de Tor, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D José Fernández Parajes, por importe de 604.925,00€ dos que 104.986,98€ son de IVE, e dicir, sen variación económica respecto ao primitivo, ao que prestou conformidade o adxudicatario.

Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil Aglomerados Y Construcciones Valdeorras SA que prestou conformidade ao mesmo, e que non supón variación no importe de adxudicación.

Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

Sometelo proxecto modificado a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.

Á vista do anterior, e incorporado ao expediente informe de Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra MONFORTE DE LEMOS.- Acondicionamento LU-P-3207 “Seoane (LU-617) – Tor (LU-P-0901), P.K. 0+000 – 3+330 e vial interior Pazo de Tor, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D José Fernández Parajes, por importe de 604.925,00€ dos que 104.986,98€ son de IVE, e dicir, sen variación económica respecto ao primitivo, ao que prestou conformidade o adxudicatario.

2º.- Sometelo proxecto modificado a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.

3º.- Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil Aglomerados y Construcciones Valdeorras SA, que prestou conformidade ao mesmo, e que non supón variación no importe de adxudicación, manténdose os importes do prezo de 477.830,26 €, dos cales 82.929,22 € son de IVE e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.000,00 € e 630,00 € de IVE.

4º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CORRECCIÓN DE ERRO, EN INFORME, PROPOSTA E ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 04/12/2020 RELATIVA A PRÓRROGA DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento relativo a corrección do erro producido no Informe, proposta e acordo da Xunta de Goberno de data 04/12/2020 en relación co escrito das alcaldías de varios concellos solicitando prorroga para o prazo de adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que entre outros contén o seguinte:

“Visto o expediente relativo a Concesión de prórrogas para o prazo de adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. infórmase o seguinte:

Polo Servizo de Contratación, en data 02/12/2020, emitiuse informe en Relación co escrito das alcaldías de varios concellos solicitando prorroga para o prazo de adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, con CSV: IV7GZWIPH75TZP6MQZ5HK5Q6AE, que serviu de base para o acordo da Xunta de Goberno de data 04/12/2020, no que entre outros se recollía:

“(…)

A Alcaldía do Concello de Guitiriz, a través de escrito con rexistro de entrada nº 2020RT010159, de data 20/11/2020, solicita unha prorroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... Covid e a concentración e volume de traballo ” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
GUTIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	30/06/2020
	111	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA O MANTENIMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS (ROZADORA DE BRAZO E ROZADORA DE ARRASTRE)	

(...)”

Revísase o expediente, a instancias do Concello de Guitiriz, no que manifesta que se produciu un erro na data do prazo de adxudicación, xa que figura o 30/06/2020, cando a solicitude se refire ao 30/06/2021.

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ao igual que o derogado artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común), dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte: “los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones.

Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio



o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa"

A maior abastanza pódese citar tamén algún pronunciamento do Consello de Estado, que en dictamen núm. 43.184 de 11 de xuño de 1981, sostuvo que “Cuando la Ley de Procedimiento Administrativo dispone que en cualquier momento podrá la Administración rectificar los errores materiales o de hecho y los aritméticos, se está refiriendo a los que la doctrina, desde Savigny, denomina “errores obstativos”, que se producen siempre que una declaración de voluntad no coincide con el sentido exacto de la voluntad misma que se quiso expresar. Son errores de expresión, equivocaciones gramaticales o de cálculo, tales como el lapsus, la errata, el nombre equivocado, la omisión involuntaria, el error en la suma de cantidades, etc. Únicamente este tipo de errores y no los que vienen de la voluntad (*in re, in persona, in causa*) son los que pueden rectificarse en cualquier momento. Porque no se trata de anular ningún acto o resolución, sino de reconducirlo a los propios términos en que debió ser pronunciado”.

Argumentos todos eles, coherentes coa corrección que se pretende realizar, co obxecto de reconducir o contido do informe, proposta e acordo da Xunta de Goberno, nos termos nos que debeu ser pronunciado, posto que é evidente e resulta do expediente que se trata dun erro ao momento de aplicar os coeficientes de adxudicación.

A vista do anterior, Informase favorablemente a corrección do erro na data de prórroga para a adxudicación dos investimentos incluídos no plan único 2020, do xeito que,

onde se indica:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
GUTIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	30/06/2020
	111	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA O MANTEMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS (ROZADORA DE BRAZO E ROZADORA DE ARRASTRE)	

debería dicirse:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
GUTIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	30/06/2021
	111	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA O MANTENIMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS (ROZADORA DE BRAZO E ROZADORA DE ARRASTRE)	

Polo anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección de erro referenciada, de tal xeito que:

onde se indica:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
GUTIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	30/06/2020
	111	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA O MANTENIMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS (ROZADORA DE BRAZO E ROZADORA DE ARRASTRE)	

debería dicirse:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRAZO ADXUDICACIÓN ATA:
GUTIRIZ	105	REFORMA INTERIOR DE NAVE PARA EQUIPAMENTO DEPORTIVO	30/06/2021
	111	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA O MANTENIMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS (ROZADORA DE BRAZO E ROZADORA DE ARRASTRE)	

Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO Á CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A.

Visto o escrito do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento e da Xefa de Sección de Fomento, no que manifesta a non existencia dos informes imprescindibles para a tramitación do



expediente, propónse a retirada da Orde do Día deste expediente. A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda retirar o asunto da Orde do Día da presente sesión.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Primeiro.- *Modificación terceira do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá para a execución de fins comúns consistentes en: campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación terceira ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá que dispón o seguinte:

“Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 24/05/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá.

Segundo.- En data 24/05/2019 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá. O convenio foi modificado por Resolución da Presidencia de data 20/05/2020, asinandose addenda de modificación o 04/06/2020, relativo á ampliación de prazos, así como por acordo da Xunta de Goberno de data 13/11/2020, sendo asinada addenda o 16/11/2020, relativo á aplicación de remanentes. Na modificación establécese:

“(…)

e)Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de decembro de 2020”

Así mesmo, tamén se recolle:

“a xustificación da anualidade de 2019 será achegada antes do 15 de novembro de 2020

Consta a xustificación da anualidade de 2019, sendo aprobada por Resolución da Presidencia de data 04/12/2020.

Na modificación segunda, inclúense o investimento Obras de mellora acceso e cerramento do campo de fútbol de Lourenza, financiándose con cargo á baixa acadada na licitación da obra inicialmente incluída no convenio.

Dona Rocío López García, Alcaldesa do Concello de Lourenzá achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 04/12/2020, a través do que manifesta “...debido a premura do tempo entre o asinado da addenda e a finalización do prazo para xustificar, (no referido a obra a financiar con cargo a remanentes), e debido a climatoloxía e problemas loxísticos da empresa (referido á obra do campo de fútbol), solicita unha prórroga de 2 meses para a finalización da obra do “Campo de Fútbol de entrenamiento de Lourenzá” e “Mellora de Acceso e cerramento do campo de fútbol de Lourenzá”.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.



Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas



administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de campo de fútbol.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Lourenzá é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos, (...).

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga



potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Lourenzá, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da

Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O concello de Lourenzá será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.



Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar as actuacións incluídas o convenio sexa o 28 de febreiro de 2021.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación terceira do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o exposto propónse que pola Presidencia se adopte a seguinte Resolución:

Aprobar a modificación da data de execución dos investimentos do convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Campo de fútbol de entrenamento en Lourenzá, e que se recolle en addenda ao convenio, de tal xeito que a data para executar os investimentos, tanto o inicial como o financiado con cargo ás baixas obtidas na licitación, quede fixada na data límite do 28 de febreiro de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á addenda, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores no municipio de Guitiriz.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe, de data 17 de decembro de 2020, no que literalmente se establece o seguinte

“Asunto: Addenda (terceira) ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores no Municipio de Guitiriz. [Aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 29 de xuño de 2018]

Vistos os escritos da Sección de Benestar Social e Igualdade da Área de Promoción Económica e Social, de datas 1, 9 e 15 de decembro de 2020, nos que se solicita a modificación do prazo de execución e consecuentemente de vixencia do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe

Antecedentes de feito,

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2018, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

“1º. Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Excm. Deputación Provincial e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro de atención a persoas maiores nese municipio, cun orzamento total de 1.200.000: A achega da Deputación ascende á contía 1.000.000,00 e a do Concello de Guitiriz a 200.000,00.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte desta Entidade Provincial, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 1.000.000,00 euros, correspondendo á anualidade 2018 o importe de 300.000,00 e a anualidade 2019 o importe 700.000,00. A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sensibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2019 a cantidade de 700.000,00 .”

O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, formalizouse o 3 de agosto de 2018.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 7 de decembro de 2018, acordou, entre outros, prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Modificar a cláusula primeira, cuarta e sexta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía complementaria de 477.011,21 para a anualidade 2020 (que sumados ao importe anteriormente consignado de 1.200.000,00 da un total de 1.677.011,21). A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 477.011,21 ”.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 14 de decembro de 2018, acordou, entre outros, prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Modificar a cláusula terceira do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º.- Aprobar un texto refundido que recolla ambas addendas”.



O texto refundido das addendas 1 e 2 ao Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, formalizouse o data 14 de decembro de 2018

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión ordinaria celebrada o 22 de marzo de 2019, acordou adxudicar a execución da obra GUITIRIZ.- Construción de residencia de atención a persoas da terceira idade, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 14.12.2018, á mercantil Joca Ingeniería y Construcción SA, representada por D^a Gema Rodríguez García, no prezo de 1.241.336,48 dos cales 112.848,77 € son de IVE (10 %); tendo en conta as melloras ofertas, entre elas: efectuar un seguimento da obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam; elaborar e entregar o modelo de información de edificio (BIM). Establecer o aumento do prazo de garantía de 24 meses por encima dos 12 obrigatorios; unha redución do prazo de execución de 90 días e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 30.226,00 € mais IVE. 14)

A acta de comprobación de replanteo formalizouse entre as partes o 9 de marzo de 2020 polo que o prazo de execución (9 meses) computa dende o día seguinte a citada data.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada por el Covid-19, en concreto na Disposición adicional terceira estableceu a paralización dos prazos administrativos, e por tanto, os contractuais, os cales reanudaranse no momento en que perda vixencia o citado real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

O 23.05.2020 publicouse a Resolución do 20 de maio de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, no cal se sinalaba que con efectos desde o 01.06.2020, derrogárase a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, deste xeito, o cómputo dos prazos que foron suspendidos renováronse, ou se reiniciaron, se así se previra nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e

as súas prórrogas. Así terase en conta os 79 días naturais de paralización que deberán engadiranse ao cómputo dos prazos (duración da suspensión).

Por todo o exposto, e tomando como referencia o recollido no informe da Sección de Benestar Social e os datos que obran no Servizo de Contratación e Fomento (convenio de cooperación -xunto coas súas addendas- e expediente de licitación e adxudicación das obras), faise necesaria a modificación das seguintes cláusulas:

A cláusula terceira, sobre as obrigas e compromisos das partes (para adaptarse ao prazo de execución previsto no contrato do obras).

A cláusula sexta, sobre duración do convenio interadministrativo.

As cales quedarían redactadas do seguinte xeito,

Obrigas e compromisos das partes.

“3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar o financiamento previsto na cláusula “cuarta”.

Redactar e aportar o proxecto técnico para a construción do centro residencial.

Obter os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a construción do equipamento, agás os que sexan de competencia e intervención municipal e necesarios para obter as licencias urbanísticas e títulos municipais habilitantes para o apertura e exercicio da actividade do centro residencial.



Actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación das obras, nas distintas fases, ata a súa recepción e liquidación do contrato para construír o centro residencial, obxecto deste convenio, con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Licitar, rematar e recibir as obras do centro de atención a persoas maiores, na data límite do 1 de xullo de 2022, que se executarán nas parcelas con referencia catastral 9917430NH8891N0001XB e 9917430NH8891N0001IB.

Recibir as obras contratadas, conforme aos trámites previstos nos artigos 243 e concordantes da Lei 9/2018, do 8 de novembro (LCSP).

Convidar á representación institucional do Concello de Guitiriz aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

Difundir a colaboración prestada por ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou similares), facilitadas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

Comunicar o acordo polo que se aproba este convenio ao Concello de Guitiriz.

(..)

Duración do convenio interadministrativo

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 01 de xaneiro de 2019 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prórroga expresa antes da finalización do prazo, o 2 de agosto de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerían invariables, acordando ambas partes, incorporar ao Convenio de Cooperación subscrito con data 5 de xuño de 2019, esta addenda, a cal se rexirá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Consideracións xurídico-administrativas:

Na cláusula sexta (Duración do convenio interadministrativo) establécese que:

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prorroga expresa antes da finalización do prazo, o 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público “.

Na cláusula sétima-modificación- do citado convenio recollese que:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

En canto ao órgano competente para aprobar a terceira addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.



Conclusións

Por todo o sinalado, revisada a documentación que obra no expediente de aprobación do convenio, informase favorablemente a modificación solicitada dende a Sección de Benestar Social e Igualdade da Área de Promoción Económica e Social, nos termos da terceira addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

Polo anteriormente exposto, e que costa informe favorable de Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a addenda das cláusulas terceira e sexta do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, formalizado o 3 de agosto de 2018, nos termos da addenda (terceira) do convenio que se incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Vecinos Río de Ouro San Acisclo de Foz, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Escuela de San Acisclo” nas anualidades 2020 e 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de Vecinos Río de Ouro San

Acisclo de Foz, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Escuela de San Acisclo”, nas anualidades 2020 e 2021, polo importe de 43.000,00€ (21.500,00€ para o ano 2020 e 21.500,00€ para o ano 2021), constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do



territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é a ampliación do inmobile Escola de San Acisclo, na parroquia de San Acisclo, no municipio de Foz, para dotalo de maior capacidade e funcionalidade, e permitir desta forma o desenvolvemento no mesmo de actividades colectivas dirixidas á veciñanza, e que na actualidade non se poden realizar pola falta de espazo.

En resume, trátase de mellorar as condicións para que a sociedade (cidadanía) dispoña de lugares, inmobiles ou outras infraestruturas, adecuadas, nas que se poidan desenvolver actuacións de carácter asociativo, colaborativo e participativo, e que van redundar en beneficios tanto para o territorio (provincia de Lugo), como para a súa veciñanza, xerando riqueza no seu sentido máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais). Trátase ademais de fomentar a creación e o mantemento das organizacións que promoven, potencian e difunden a cooperación, a colaboración, o asociacionismo e a participación cidadá, nos asuntos que lles afectan, especialmente nas zonas do rural.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 43.000€ a favor da entidade Asociación de Vecinos Río de Ouro San Acisclo de Foz, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Escuela de San Acisclo”, nas anualidades 2020 e 2021, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 21.500,00€

Ano 2021: 21.500,00€

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 43.000,00€, que se desagrega en 21.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de Vecinos Río de Ouro San Acisclo De Foz, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Escuela de San Acisclo”, e para a anualidade 2021 por importe de 21.500,00€. O orzamento xeral do 2021, aprobado inicialmente polo pleno da Deputación o 30 de novembro de 2020, non prevé crédito suficiente para a anualidade 2021, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de modificar o orzamento xeral do 2021.”

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del Castillo de Doiras” nas anualidades 2020 e 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional a conceder á entidade Fundación Xose Soto de Fion, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, polo importe de 95.000,00€ (47.500,00€ para o ano 2020 e 47.500,00€ para o ano 2021), co aboamento anticipado do 50% sobre o importe outorgado en cada anualidade (23.750,00€ para o ano 2020 e 23.750,00€ para o ano 2021), con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022,

contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é conservar, mellorar, poñer en valor e promocionar o Castelo de Doiras, no municipio de Cervantes, como unha construción de enorme valor histórico e arquitectónico, catalogada como Ben de Interese Cultural (BIC), e que se constituíu como referente na historia da Comarca dos Ancares, ao representar o nexo xeográfico do asociacionismo e a participación veciñal.

En resume, tratase de recuperar, conservar, mellorar e poñer en valor as infraestruturas, os proxectos e as actuacións dirixidas por e para a sociedade (veciñanza), tratando de fomentar a participación social, a asociacionismo e a colaboración veciñal naqueles aspectos que lles afectan directamente, converténdoo en suxeitos activos, e xerando desta forma riqueza para o territorio, no seu conxunto. Trátase de implicar á cidadanía na defensa e promoción daqueles aspectos que lle van reportar un beneficio, entendido no sentido máis amplo.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 95.000,00€ a favor da entidade Fundacion Xose Soto de Fion, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del castillo de Doiras”, nas anualidades 2020 e 2021, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza,



pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 47.500,00€

Ano 2021: 47.500,00€

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 95.000,00€, que se desagrega en 47.500,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Fundación Xose Soto de Fion, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de conservación y mejora del castillo de Doiras”, e para a anualidade 2021 por importe de 47.500,00€. O orzamento xeral do 2021, aprobado inicialmente polo pleno da Deputación o 30 de novembro de 2020, non prevé crédito suficiente para a anualidade 2021, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de modificar o orzamento xeral do 2021.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Addenda ao convenio da subvención excepcional plurianual asinado entre a Deputación de Lugo e a Entidade Gaitafilms S.L. para financiar os gastos derivados do proxecto denominado “Welcome to ma maison (anualidades 2019-2020).*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor.

“Vista a solicitude de ampliación dos prazos de execución e xustificación da subvención excepcional plurianual instrumentada a través de Convenio suscrito entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e a entidade Gaitafilms S.L., para financiar os gastos derivados do proxecto denominado “ Welcome to ma Maison”.

Visto o convenio asinado entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e a entidade Gaitafilms S.L. indicado, por importe 30.000,00 €, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de decembro de 2019 e, formalizado en documento administrativo de data 30 de xaneiro de 2020.

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento e o informe da Secretaría Xeral, favorables ao texto do convenio de dita subvención e a conformidade do Servizo de Intervención.

A deputada que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a Addenda ao Convenio da subvención excepcional plurianual, a favor da entidade Gaitafilms S.L. para sufragar os gastos do programa denominado “Welcome to ma Maison”, adxunta á presente proposta, polo que se amplía o prazo de execución ata o 30 de setembro de 2021 e o prazo de xustificación ata o 31 de outubro de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a celebración do “Belén xigante 2019 - 2020”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor.



“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(....)

“En relación cos escritos, presentados por dona María Loureiro García con NIF: 33.997.309-C, en nome e representación do Concello de Viveiro, con CIF: P-2706700-H, con data 27/11/2020 mediante os que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competencias para o fin común da celebración do “Belén Xigante 2019-2020”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a celebración do “Belén Xigante 2019-2020” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en diante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á Promoción turística a través da revalorización do patrimonio cultural do concello, pretendéndose potenciar o desenvolvemento económico da zona mediante a promoción do turismo, é a posta en valor do patrimonio cultural.

A Lei de Bases de Rexime Local establece no art. 25:" O municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal" Viveiro enfronta o Nadal cunha ambientación que crece cada ano, impulsada polo Concello. Miles de luces iluminarán as rúas nas que se recrea un belén a tamaño natural. Localizado en pleno casco histórico, na contorna da igrexa de Santa María e fronte ao convento das dominicas, Viveiro ante o berce preséntase como un espectacular nacemento de centos de metros nos que se representan as escenas propias do belén, algunha delas animadas e que se completan con contornas onde a auga está presente. Está composto por preto de 50 figuras a tamaño natural e 40 animais que, ademais dun maxestoso belén xigante, é un paseo por oficios tradicionais como os de taberneiro, pescador, canteiro, pastor, viti-cultor, agricultor, tintureiro, lavandeiras, secador de bacallau, florista...



O Belén xigante instálase dende o 04 de decembro do 2019 ata o 20 de xaneiro do 2020. na praza de Santa María, en plena zona histórica de Viveiro.

Por estimacións doutros anos, esta exposición é visitada por arredor de 25.000 persoas que veñen dende toda a comarca da Mariña supoñendo un impulso ao comercio e hostalaría do concello de Viveiro, converténdose no eixo das celebracións do nadal no xeodestino e nun referente en toda Galicia.

En canto o seu impacto económico, todas estas actividades fan que nos meses de decembro e xaneiro Viveiro convértese no pobo de referencia da Mariña e nun gran marco de sociabilidade e celebración que conta cunha elevada implicación popular.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

O órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que lle corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, en base ao establecido no artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro do 2020, e tendo en conta o establecido na nova Lei de contratos, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00€, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 35.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Viveiro, de acordo co orzamento previsto, aportará 10.000,00 €, e os terreos precisos, permisos e autorizacións da actuacións, para a súa correcta execución e financiará, no seu caso, o importe que reste, e resulte para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a



execución dos fins comúns consistentes na celebración do “Belén Xigante 2019 – 2020”. É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno de Deputación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para levar a cabo o proxecto denominado “Belen Xigante 2019 - 2020” por importe total de 45.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto de 35.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor do Concello de Viveiro, para sufragar os gastos derivados do “Belen Xigante 2019 - 2020”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a celebración do “Belén xigante 2020 - 2021”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(...)

“En relación cos escritos, presentados por dona María Loureiro García, en nome e representación do Concello de Viveiro, con data 30/10/2020, mediante os que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a

realización conxunta polo Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competencias para o fin común da celebración do “Belén Xigante 2020-2021”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a celebración do “Belén Xigante 2020-2021” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).



O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á Promoción turística a través da revalorización do patrimonio cultural do concello, pretendéndose potenciar o desenvolvemento económico da zona mediante a promoción do turismo, é a posta en valor do patrimonio cultural.

A Lei de Bases de Rexime Local establece no art. 25: "O municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal" Viveiro enfronta o Nadal cunha ambientación que crece cada ano, impulsada polo Concello. Miles de luces iluminarán as rúas nas que se recrea un belén a tamaño natural. Localizado en pleno casco histórico, na contorna da igrexa de Santa María e fronte ao convento das dominicas, Viveiro ante o berce preséntase como un espectacular nacemento de centos de metros nos que se representan as escenas propias do belén, algunha delas animadas e que se completan con contornas onde a auga está presente. Está composto por preto de 50 figuras a tamaño natural e 40 animais que, ademais dun maxestoso belén xigante, é un paseo por oficios tradicionais como os de taberneiro, pescador, canteiro, pastor, viti-cultor, agricultor, tintureiro, lavandeiras, secador de bacallau, florista...

O belén xigante instálase dende o 10 de decembro ata o 20 de xaneiro en horario de 09:00 a 23:00 horas de luns a domingo. na praza de Santa María, en plena zona histórica de Viveiro, que este ano se ampliará ata a Praza da Fontenova e a rúa Teodoro Quirós.

Por estimacións doutros anos, esta exposición é visitada por arredor de 25.000 persoas que veñen dende toda a comarca da Mariña supoñendo un impulso ao comercio e hostalaría do concello de Viveiro, converténdose no eixo das celebracións do nadal no xeodestino e nun referente en toda Galicia.

En canto o seu impacto económico, todas estas actividades fan que nos meses de decembro e xaneiro Viveiro convértese no pobo de referencia da Mariña e nun gran marco de sociabilidade e celebración que conta cunha elevada implicación popular.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.



Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

O órgano competente para a aprobación do convenio, procede sinalar que lle corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, en base ao establecido no artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro do 2020, e tendo en conta o establecido na nova Lei de contratos, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00€, trátase dunha atribución que corresponde á contía Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 35.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Viveiro, de acordo co orzamento previsto, aportará 10.000,00€, e os terreos precisos, permisos e autorizacións da actuacións, para a súa correcta execución e financiará, no seu caso, o importe que reste, e resulte para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na celebración do “Belén Xigante 2020 – 2021”. É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno de Deputación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para levar a cabo o proxecto denominado “Belen Xigante 2020 - 2021” por importe total de 45.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto de 35.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor do Concello de Viveiro, para sufragar os gastos derivados do “Belen Xigante 2020 - 2021”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Oitavo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada pola Excmá Deputación Provincial de Lugo á Sociedad Club de Caza y Pesca de Fonsagrada para colaborar no financiamento dos gastos derivados da mellora do acondicionamento da sala de despece de produtos cinexéticos (incorporación dunha envasadora de baleiro e unha serra MEDOC), na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Sociedad Club de Caza y Pesca de Fonsagrada co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da Mellora do acondicionamento da sala de despece de produtos cinexéticos (incorporación dunha envasadora de baleiro e unha serra Meloc) na anualidade 2020, polo importe de 22.332,49 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.



Xustificación do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Proposta da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 10.1.c que leva por título “Medio Ambiente” das recollidas, na Área de Medio Ambiente do plan estratéxico de subvencións para as anualidades 2020-2022 aprobado por resolución da Presidencia de data 2 de abril de 2020, xa que na mesma recóllese o obxectivo de impulsar a realización de actividades medioambientais que contribúan a conseguir un equilibrio adecuado para o desenvolvemento económico, o crecemento da poboación, o uso racional dos recursos e para a protección e conservación do medio ambiente.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar una subvención directa de carácter excepcional, por importe de 22.332,49 €, a favor da entidade Sociedad Club de Caza y Pesca de Fonsagrada para sufragar gastos derivados da actuación “Mellora do acondicionamento da sala de despece de productos cinexéticos (incorporación dunha envasadora de baleiro e una serra Medoc) “, subvención incluída na liña 10.1.c que leva por título Medio Ambiente da Área de Medio Ambiente, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 22.332,49 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1720.789 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Sociedad Club de Caza y Pesca de Fonsagrada, para sufragar gastos derivados da actuación “Mellora do acondicionamento da sala de despece de produtos cinexéticos (incorporación dunha envasadora de baleiro e una serra Medoc) “.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Noveno.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada pola Excma Deputación Provincial de Lugo á Círculo de las Artes co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Revisión e reparación da cúpula de cinc” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta do Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a Círculo de las Artes co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Revisión e reparación da cúpula de cinc” durante a anualidade 2020, polo importe 15.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.



Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2020 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 14.1.d) titulada "Cultura" (Actuacións específicas), da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000,00 €, a favor de Círculo de las Artes, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Revisión e reparación da cúpula de cinc”, na anualidade 2020, subvención incluída na Liña 14.1.d) titulada "Cultura" (Actuacións específicas), da Área de

Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do PES da Deputación de Lugo 2020-2022.

2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3340.789 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 a favor da Círculo de las Artes, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Revisión e reparación da cúpula de cinc”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo.- *Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Reparación e mantemento do camiño de acceso ao Pastizal dende o Campo do Cura”, Concello de Muras.*

Logo de ver a proposta do Sra. Deputada Delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“O Concello de Muras solicitou, o 4 de novembro de 2020, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Reparación e mantemento do camiño de acceso ao Pastizal dende o Campo do Cura”.



No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma, informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 24 de novembro de 2020, do seguinte tenor:

“Antecedentes

Don Manuel Requeijo Arnejo, en nome e representación do concello de Muras, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 4 de novembro de 2020, escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Reparación e mantemento do camiño de acceso ao Pastizal dende o Campo do Cura”; engadindo documentación complementaria á dita solicitude os días 18 e 23 de novembro de 2020.

Dito escrito acompáñase de:

Modelo normalizado de solicitude de convenio interadministrativo de cooperación, xunto cos seus anexos, isto é:

Anexo I.- Memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación a formalizar mediante a sinatura dun convenio interadministrativo.

Anexo II.- Orzamento e financiación do convenio interadministrativo co que se formalizará a técnica de cooperación.

Anexo III.- Declaración doutras axudas/achegas convenio interadministrativo.

Declaración responsable na que se indica que a entidade solicitante: está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; non ten débedas en período executivo coa Deputación Provincial de Lugo e coa Xunta de Galicia; e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro de axudas públicas.

Achégase, ademais, memoria explicativa dos fins e obxectivos perseguidos co convenio suscitado, que, de xeito resumido, exprésase nestes termos:

(...).

Un dos motores da economía do municipio é o sector gandeiro, castigado polo minifundio e polos malos accesos ás parcelas, que se atopan moi dispersas e mal comunicadas, sobre todo nas zonas que se integran na Serra do Xistral, incrementando isto coa súa estrutura territorial e a distribución poboacional ao longo de oito parroquias.

Neste sentido o acceso ao Pastizal dende o Campo do Cura, na parroquia de A Balsa, constitúe un acceso importante para todos os predios da zona e polo tanto parte importante da labor diaria das explotacións gandeiras da zona, e como vía de titularidade municipal os traballos de mantemento e adecentamento da mesma corresponden ao ente local. O feito de contar con espazos tan amplos nos que deben levarse a cabo traballos de mantemento e desbroces fai necesario contar con persoal que poida integrar unha brigada destinada a estas actuacións.

A día de hoxe, o persoal municipal que pode desenvolver estas funcións son peóns multidisciplinares que atenden a diversas actuacións de mantemento de espazos e bens municipais , polo que se fai complexo, tanto material como economicamente, dar un servizo completo a todo o territorio municipal, dado o elevado quilometraxe da rede viaria municipal, polo que resulta preciso recorrer á contratación externa.

(...).

Tendo en conta o exposto, consideramos a necesidade de solicitar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo para poder afrontar reparación e mantemento do vial municipal de acceso ao Pastizal dende o Campo do Cura.

A estes antecedentes sonlles de aplicación as seguintes



Consideracións legais e técnicas

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor serva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (...).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA:

As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).



b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ...

(...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas

competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Muras configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

Na dita relación de cooperación a Deputación de Lugo efectuará unha achega de 12.599,19 € para sufragar parte dos gastos derivados da execución da actividade obxecto do convenio e o cumprimento dos seus fins, isto é, a reparación e mantemento do camiño de acceso ao Pastizal dende o Campo do Cura.

O concello de Muras comprométese, pola súa banda, á aportación, con fondos propios, dun 17,05 % sobre o total da inversión a realizar, o que supón unha cantidade de 2.589,71 €.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios;



consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d); en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que unha axeitada infraestrutura viaria contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, garantindo, ademais, que a vida nas parroquias do rural sexa igual de satisfactoria que a vida nos núcleos urbanos.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Para maior abastanza, no caso que nos ocupa é de aplicación o artigo 30 do TRRL, segundo o cal:

A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

a) os medios económicos propios da mesma que se asignen.

(...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...).

As formas de cooperación serán (...):

h) A subscrición de convenios administrativos.

Pola súa banda, o municipio de Muras, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestalos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos deste artigo.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

(...).

Polo tanto, sendo competencia propia do municipio de Muras a infraestrutura viaria e os equipamentos da súa titularidade, queda lexitimada a competencia daquel na execución do amentado proxecto.

Ademais, tendo en conta que o concello solicitante da formalización do convenio é, tal e como quedou exposto, un concello cun carácter eminentemente rural, é evidente que o proxecto que se promove contribúe de xeito directo a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal.

Por se fora pouco, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de



colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59 do RODPL:

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

(...).

b) As seguintes atribucións, delegadas do presidente/a e do Pleno:

(...).

18. Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

(...).

Pola súa banda, dispón a Base 24^a.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, que o órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

O importe total necesario para a execución das actuacións previstas no convenio proxectado é de 15.188,90 €. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco daquel.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se acorde pola Xunta de Goberno:

Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Muras, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Reparación e mantemento do camiño de acceso ao Pastizal dende o Campo do Cura”, no ano 2020, por importe total de 15.188,90 €, dos que 12.599,19 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 2.589,71 € a cargo do concello de Muras.

Aprobar o gasto, por importe de 12.599,19 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.462 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello de Muras, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

Consta no expediente, así mesmo, informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 14 de decembro de 2020, relativo á tramitación do amentado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 15 de decembro de 2020.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Reparación e mantemento do camiño de acceso ao Pastizal dende o Campo do Cura”, por importe total de 15.188,90 €, dos que 12.599,19 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 2.589,71 € a cargo do Concello de Muras.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 12.599,19 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.462 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello de Muras, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Ignacio Docando Teijeiro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 12/12/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“Antecedentes

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polos concepto e importe que de seguido se detalla:

Nº DE FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
20/01025 GTM 2020/FAC01/1589	30/06/2020	63,36+13,31(IVE deducible)	Servizos de reparación e mantemento da maquinaria da Granxa Gayoso Castro	4120.213	92020/4679
SUMA		76,67			

Visto que consta:

A propia factura relacionada no punto anterior con dilixencia do Parque Móbil de que os servizos están prestados, precisando o “conforme” coa cantidade e o prezo, e conformadas pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 30/06/2020, polo representante de “Ignacio Docando Teijeiro” en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa

incursa na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria Xustificativa do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil, xustificando o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas no que se dí que existe consignación suficiente e axeitada na aplicación orzamentaria 4120.213 para atender o gasto polos importes totais das facturas.

Informe deste Servizo, de data 02/11/2020, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas en ditas facturas, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 07/12/2020 levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos en relación coas facturas anteriormente relacionadas.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 01/12/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro:

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:



O obxecto do presente informe refírese a factura da empresa Ignacio Docando Teijeiro que seguidamente se relaciona:

Nº DE FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
20/01025 GTM 2020/FAC01/1589	30/06/2020	63,36+13,31(IVE deducible)	Servizos de reparación e mantemento da maquinaria da Granxa Gayoso Castro	4120.213	92020/4679
SUMA		76,67			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Parque Móbil e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 76,67 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos

e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”



No punto segundo:

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 17 de novembro de 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREEDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
IGNACIO DOCANDO TEJEIRO	20/01025	30/06/20	76,67	4120.213
SUMA			76,67€	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 17 de Novembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para reparación da maquinaria da Granxa Gaioso Castro, así como que os servizos eran urxentes para poder seguir traballando en boas condición, foi necesario validar a factura.

O período do aludido servizo foi XUÑO de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 76,67 euros(IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás unidades estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

En base ao exposto propónse:

O levantamento do reparo valorado pola Intervención Provincial en data 17 de novembro de 2020 e o aboamento da factura 20/01025.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.



En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Nº DE FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
20/01025 GTM 2020/FAC01/1589	30/06/2020	63,36+13,31(IVE deducible)	Servizos de reparación e mantemento da maquinaria da Granxa Gayoso Castro	4120.213	92020/4679
SUMA		76,67			

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento da seguinte factura emitida por Ignacio Docando Teijeiro, por un importe total de 76,67 €:

Nº DE FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
20/01025 GTM 2020/FAC01/1589	30/06/2020	63,36+13,31(IVE deducible)	Servizos de reparación e mantemento da maquinaria da Granxa Gayoso Castro	4120.213	92020/4679
SUMA		76,67			

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Doval Maquinaria, S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 15/12/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládóronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

Nº DE FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
V20 239	15/05/2020	235,91+49,54€ IVA DEDUCIBLE	Subministros de materiais diversos para a reparación e mantemento da maquinaria da Granxa Gayoso Castro. GTM: 2020/FAC_01/001000	4120.214	92020/3847
R20/62	15/05/2020	1.273,12€+267,36€ IVE DEDUCIBLE	Subministración de material para a reparación e mantemento da maquinaria da Granxa Gayoso Castro, así como servizos de reparación da maquinaria da Granxa Gayoso Castro. GTM: 2020/FAC_01/000999	4120.214	92020/3746
SUMA		1.825,93€			

Visto que consta:

As propias facturas relacionadas no punto anterior con dilixencia do Parque Móbil de que os servizos están prestados, precisando o “conforme” coa cantidade e o prezo, e conformadas pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 24/09/2020, polo representante de “Doval Maquinaria, S.L.” en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e

dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias Xustificativas do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil, xustificando o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas no que se dí que existe consignación suficiente e axeitada na aplicación orzamentaria 4120.214 para atender o gasto polos importes totais das facturas.

Informes deste Servizo, de data 29/10/2020, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas en ditas facturas, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 14/12/2020 levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos en relación coas facturas anteriormente relacionadas.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 13/11/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro:

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:



O obxecto do presente informe refírese ás facturas da empresa DOVAL MAQUINARIA, S.L. que seguidamente se relacionan:

Nº DE FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
V20 239	15/05/2020	235,91+49,54€ IVA DEDUCIBLE	Subministros de materiais diversos para a reparación e mantemento da maquinaria da Granxa Gayoso Castro. GTM: 2020/FAC_01/001000	4120.214	92020/3847
R20/62	15/05/2020	1.273,12€+267,36€ IVE DEDUCIBLE	Subministración de material para a reparación e mantemento da maquinaria da Granxa Gayoso Castro, así como servizos de reparación da maquinaria da Granxa Gayoso Castro. GTM: 2020/FAC_01/000999	4120.214	92020/3746
SUMA		1.825,93€			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 1.825,93 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos

suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.



De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

No punto segundo:

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 11 de novembro de 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREEDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
DOVAL MAQUINARIA, S.L.	V20 239	15/05/2020	285,45	4120.214
DOVAL MAQUINARIA, S.L.	R20 62	15/05/2020	1.540,48	4120.214
SUMA			1.825,93	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 11 de outubro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación da maquinaria da Granxa Gaioso Castro, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condición, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi maio de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 1.825,93(IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás unidades estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

Que o Servizo de Conservación e Mantemento das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo, viña sendo executado pola mercantil TRAGSA, logo do acordo de xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 27 de decembro de 2019, cuxa execución foi prorrogada mediante o mesmo trámite de aprobación pola xunta de Goberno da Deputación de Lugo, entrando en vigor o día 1 de xullo e estando en vigor ata o día 31 de decembro de 2020.

Detectando que o encargo se atopa próximo a súa finalización e considerándose prioritario, pola necesidade urxente de non paralizar os servizos básicos na conservación e mantemento dos devanditos espazos verdes, asumir os traballos e servizos de mantemento que garantan as condicións necesarias de conservación e uso dos espazos verdes, tal como se describe na memoria técnica axunta a este procedemento e encargarllos ao seu medio propio TRAGSA.

O importe dos traballos descritos no Prego de Prescricións (memoria técnica) e realizados por medio do medio propio TRAGSA determinarase aplicando as unidades executadas as tarifas correspondentes e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades, obxecto do encargo, que se subcontraten con empresarios particulares, de acordo co recolleito no punto 7 da disposición adicional vixésimo cuarta da LCSP e artigo 6 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico de TRAGSA e a súa filiais.

Contrastada a capacidade de TRAGSA para a execución e xestión destes servizos, constatado que para o orzamento dos mesmos, TRAGSA aplicou as unidades para executar as tarifas correspondentes na forma regulamentariamente determinada, considérase que TRAGSA é instrumento idóneo para levar a cabo a execución dos traballos de conservación e mantemento das zonas verdes de titularidade provincial, para os anos 2021 e 2022, prorrogables a vontade da Deputación de xeito sucesivo en 2023 e 2024.



Que a Intervención da Deputación Provincial de Lugo, fiscalizou favorablemente o encargo a TRAGSA da actividade de conservación e mantemento das zonas verdes de titularidade provincial, para os anos 2021 e 2022.

En consecuencia, dende o Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo considérase imprescindible encomendar a TRAGSA a realización dos servizos que se relacionan e describen no Prego de Prescricións adxunto a esta proposta de Acordo.

En relación ao gasto que suporán este encargo establecer que importe total do encargo a TRAGSA ascende a 1.700.000,00 euros, e finánciase conforme ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2021	1710.22799	850.000,00 €	220209/970
2022	1710.22799	850.000,00 €	220209/970
SUMA		1.700.000 €	

Esta proposta de gasto financiarase con cargo as anualidades 2021 e 2022, para a anualidade 2021 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o día 30 de novembro de 2020, e para a anualidade 2022 a Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

Por todo o exposto anteriormente e analizando a documentación técnica elaborada polo Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo, propónse, á Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o encargo e gastos correspondientes á empresa Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. encargo a TRAGSA para a conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo para a anualidade 2021- 2022 prorrogable anualmente ata 31 de decembro de 2024.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 1.700.000,00 € de acordo coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2021	850.000,00 €
2022	850.000,00 €

A Deputación de Lugo adquire o compromiso supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/049.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/049, correspondente á sociedade civil Penin Puente, S.C. (Friol), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 14,49 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 7.245,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Penin Puente, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.



Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade civil Penin Puente, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/049, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 7.245,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DUNHA ENTIDADE BENEFICIARIA DA MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 26 de xuño de 2020 aprobouse en Xunta de Goberno a convocatoria e bases das medidas de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” e as medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural. Ditas bases publícanse con data 30 de xuño de 2020 no BOP número 148.

Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos de cada unha das medidas agrúpanse do seguinte xeito:

“(…)

1) Fomento da empregabilidade

Recollido na Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” a través da que se segue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

(…)

2) Fomento da cultura emprendedora

Recolle a Medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e a Medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural” aumentar o emprendemento das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación como vía de acceso ao mercado laboral a través de 4 bolsas (2 para cada medida) de axudas económicas para a alta da actividade económica segundo algunha das modalidades previstas e que se atopen situadas nalgún dos concellos relacionados no Anexo I. Dúas bolsas de axudas por cada medida, sendo a contía o 75% do SMI vixente durante 12 meses.

(…)”

Considerando que con data 18 de setembro de 2020 a Deputación de Lugo aprobou a primeira listaxe de empresas beneficiarias da Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”. Dentro das listaxes de empresas beneficiarias atópase:

REXISTRO	BENEFICIARIO	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
27/07/2020 13:13:05	Restaurante Río Lea	Castro de Rei	Axudante Camareiro	5.700,00 €

Considerando que 14 de decembro de 2020, a entidade Restaurante Río Lea presenta escrito de renuncia a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo (achégase renuncia). Esta preséntase antes de ter recibido cantidade algunha en concepto de subvención.



Considerando ó anteriormente exposto, de acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións así como coas Bases do Programa Prende ! Bota Raíces No Rural, propónse a esta Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aceptar a renuncia das seguintes empresas beneficiarias da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural” dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural:

REXISTRO	BENEFICIARIO	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
27/07/2020 13:13:05	Restaurante Río Lea	Castro de Rei	Axudante Camareiro	5.700,00 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LIBERACIÓN DE CRÉDITO CAUSADO POLAS BAIXAS DOS BENEFICIARIOS DA MEDIDA 8.2.3.1 PARA A FORMACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO E PROMOCIÓN DA CULTURA EMPRENDEDORA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta que na Xunta de Goberno celebrada o 12 de xuño do 2020 apróbanse os beneficiarios da Medida 8.2.3.1 Formación para o emprendemento e promoción da cultura emprendedora. Prende ! Bota Raíces no Rural, así como o importe de 12.643,00 €, cantidade total da medida, atendendo o cadro adxunto.

Curso	Anualidades			AXUDA
	2019	2020	2021	
Hostelería e Turismo - Axudante de Camareiro	753,20 €	1.883,00 €	1.129,80 €	3.766,00 €
Agricultura e Gandería - Sustentabilidade Ambiental, Benestar Animal e Fitosanitarios	430,40 €	1.076,00 €	645,60 €	2.152,00 €
Medio Ambiente - Repoboacións Forestais e Fitosanitarios	484,20 €	1.210,50 €	726,30 €	2.421,00 €
Enerxía e Auga - Introducción a Enerxía Eólica	699,40 €	1.748,50 €	1.049,10 €	3.497,00 €
Autoemprego	161,40 €	403,50 €	242,10 €	807,00 €
TOTAL	2.528,60 €	6.321,50 €	3.792,90 €	12.643,00 €

Considerando que por resolución de presidencia de 28 de outubro de 2020 aprobase a relación de alumnos/as que teñen dereito a axuda, xunto co seu importe para proceder o pago. Quedando pendente o aboamento da axuda dos seguintes alumnos: Tamara Vázquez Figueiras, Carlos Carreira Fernández, Sergio Pérez López e Noemi Losada Martinez por non achegar a documentación completa ao expediente.

Finalizada por parte do órgano instructor as actividades que compoñen a medida 8.2.3.1. infórmase a efectos de liberar o crédito que os seguintes beneficiarios non teñen dereito a axuda por non asistir a formación obrigatoria , ou por non completar a documentación para proceder o pago da axuda:

Hostalería e Turismo: Axudante de Camareiro

Axudas xeradas: 14, Axudas pagadas:9

Movemento de candidatos que puideron ter dereito a axuda máxima xerada , no caso de completar a formación.

NOME	AXUDA MÁXIMA CONCEDIDA
Noé Ramos Rodríguez	269 €
Jennifer Rodríguez Martínez De Lagran	269 €
Óscar Romero Cortiñas	269 €
Laritz Guerra Álvarez	269 €
Iván Rodríguez Rodríguez	269 €

Crédito a liberar ; $269€ \cdot 5 \text{ axudas} = 1.345€$

Agricultura e Gandería: Sustentabilidade Ambiental Benestar

Axudas xeradas: 8, Axudas pagadas:6

Movemento de candidatos que puideron ter dereito a axuda máxima xerada , no caso de completar a formación.

NOME	AXUDA MÁXIMA CONCEDIDA
Diego Paderne Roca	269 €
Juan Roca Carreira	269 €
Sheila Gómez Noguero	269 €



Crédito a liberar ; $269\text{€} \times 2 \text{ axudas} = 538\text{€}$

Medio Ambiente: Repoboacións Forestais

Axudas xeradas: 9, Axudas pagadas: 6

Movemento de candidatos que puideron ter dereito a axuda máxima xerada , no caso de completar a formación.

NOME	AXUDA MÁXIMA CONCEDIDA
Alexandre Valín Roca	269 €
Óscar Bello Castro	269 €
Celia Cabanas Trashorras	269 €

Crédito a liberar ; $269\text{€} \times 3 \text{ axudas} = 807\text{€}$

Enerxía e Auga: Introducción a Tecnoloxía Eólica

Axudas xeradas: 13, Axudas pagadas: 12

Movemento de candidatos que puideron ter dereito a axuda máxima xerada , no caso de completar a formación.

NOME	AXUDA MÁXIMA CONCEDIDA
Saskia García Ramil	269 €
Jesus Javier Agrafojo Larralde	269 €
Leticia Pita Franco	269 €
Nerea Ricon Lorenzo	269 €

Crédito a liberar ; $269\text{€} \times 1 \text{ axudas} = 269\text{€}$

Autoemprego

Axudas xeradas: 6, Axudas pagadas: 5

Movemento de candidatos que puideron ter dereito a axuda máxima xerada , no caso de completar a formación.

NOME	AXUDA MÁXIMA CONCEDIDA
Alessandro Sanmartín Guitián	134,50 €

Crédito a liberar ; $134,50\text{€} \times 1 \text{ axuda} = 134,50\text{€}$

Importe total das cinco accións formativas: 3.093,50 €

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases e convocatoria da Medida 8.2.3.1 Formación para o Emprendemento e Promoción da cultura emprendedora. Prende ! Bota Raíces no Rural propónse a Xunta de Goberno:

Aprobar a liberación de crédito por importe total de 3.093,50€ na partida orzamentaria 2410.481, tal e coma se establece no apartado cuarto por tratarse de alumnos que non asistiron ou non finalizaron a formación obrigatoria da Medida 8.2.3.1.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, (ANUALIDADE 2020).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Tendo en conta que, pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 21 de agosto de 2020, prestouse aprobación das bases e os modelos de solicitude que habían de rexer no procedemento de concorrncia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para investimentos de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, anualidade 2020.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno do 21 de agosto de 2020 polo que se aprobaba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 203 do día 4 de setembro de 2020.



Tendo en conta que de conformidade co punto 6º das Bases do concurso de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo :

“...constituírase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Sra. Interventora e a Sra. Secretaria Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de acordo.....”

Tendo en conta que, nesta convocatoria presentáronse as solicitudes incluídas na listaxe que se acompaña, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no concurso.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achégase listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos e que vai rubricada para o efecto.

Tendo en conta que, só se admitiron solicitudes para investimentos en instalacións culturais e para equipamentos culturais executados ao longo do ano 2020.

Tendo en conta que, con data 16 de decembro de 2020 constituíuse a Comisión de Avaliación prevista de acordo co establecido no punto 6 das bases para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instructor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran nas listaxes que se anexan ao expediente sen especificar valor económico, por non axustarse as bases do concurso.

Tendo en conta que as subvencións concedidas suman os seguintes totais:

SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS		
FINALIDADE	IMPORTES PARCIAIS	IMPORTE TOTAIS
INVESTIMENTOS EN INSTALACIONES E EQUIPAMENTOS CULTURAIS		100.000 €
INVESTIMENTOS	24.023,00 €	
EQUIPAMENTOS	70.783,00 €	
TOTAL DISTRIBUÍDO.....		94.086 €
TOTAL NON DISTRIBUÍDO.....		5.194 €

Tendo en conta que, tal e como se desprende da acta da Comisión de Avaliación, procedeuse á distribución orzamentaria entre as distintas liñas de acordo co sinalado nos puntos 5 e 7 das Bases co fin de distribuír os 100.000 € previstos no crédito orzamentario, máis, nesta liña de subvencións e tendo en conta os puntos 5 e 6 das Bases onde se dí- entre outras cousas- que: “ (...) a axuda a percibir será o resultado de multiplicar os puntos obtidos de cada participante polo valor en euros do punto e que no suposto de existir remanentes, repartiranse de maneira proporcional aos puntos obtidos por cada solicitante (...)”, sempre respetando os máximos e os mínimos establecidos (pto. 7 das bases), así como a solicitude económica formulada por cada solicitante coa documentación correcta aos efectos de que a axuda a percibir vaia en consonancia cos gastos presentados polos participantes e co establecido no punto 1 das bases, relativo a que, cando menos, o 5% do custo total da actividade deberá ser financiado con fondos propios da entidade beneficiaria.

Por todo o dito,

A Deputada Delegada que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración;



Conceder as subvencións individualizadas que figuran na relación que se acompaña que comeza coa Asociación Folclórica e Cultural a Subela e remata coa Asociación de Veciños O Picouzo- Ladra e desestimar as que se sinalan na citada relación que comeza coa Asociación Cultural O Cruceiro e remata coa Asociación Cultural e Deportiva O Castro de Vilaronte, así como os desestamentos de solicitude presentados e que figuran na relación que se acompaña”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, (ANUALIDADE 2020).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

Tendo en conta que, pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 28 de agosto de 2020, prestouse aprobación das bases e os modelos de solicitude que habían de rexer no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural anualidade 2020.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno do 28 de agosto de 2020 polo que se aprobaba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 203 do día 4 de setembro de 2020.

Tendo en conta que de conformidade co punto 6º das Bases do concurso de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo:

“...constituírase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto

no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Sra. Interventora e a Sra. Secretaria Xeral da Deputación Provincial. As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia. Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada. O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de acordo.....”

Tendo en conta que, nesta convocatoria presentáronse as solicitudes incluídas na listaxe que se acompaña, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no concurso.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achégase listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos e que vai rubricada para o efecto. Tendo en conta que, só se admitiron solicitudes para actividades ou comportamentos executados ao longo do ano 2020.

Tendo en conta que, con data 16 de decembro de 2020 constituíuse a Comisión de Avaliación prevista de acordo co establecido no punto 6 das bases para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instrutor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes que figuran nas listaxes que se anexan ao expediente sen especificar valor económico, por non axustarse as bases do concurso.

Tendo en conta que as subvencións concedidas suman os seguintes totais:



SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS	
FINALIDADE	IMPORTE
ACTIVIDADE CULTURAL	130.000 €
TOTAL	130.000 €

Por todo o dito,

A Deputada Delegada que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración;

Conceder as subvencións individualizadas que figuran na relación que se acompaña e desestimar as que se sinalan na citada relación, así como os desestamentos de solicitude presentados e que figuran na relación que se acompaña, que comeza coa Asociación de Axuda ó Enfermo Mental A Mariña e remata coa APA Colegio Virxe do Carme de Burela.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE MONTERROSO, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Logo de ver que Polo pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 2 de abril de 2020, por unanimidade acordouse prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2020, por unanimidade acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, co seguinte detalle para o programa de cultura do Concello de Monterroso: “Gastos Banda de Música

Municipal; Escola de Música”, cunha achega provincial dezasete mil cento dezasete euros (17.117,00€).

Logo de ver o escrito do Concello de Monterroso, de data 11 de novembro de 2020, no que solicita autorización para o cambio no obxecto da achega do Plan Único de 2020, modificando o programa de actividades culturais que contempla dúas actividades, substituíndo “Gastos Banda de Música Municipal (4.500,00€); Escola de Música (12.617,00€)” por una soa actividade cultural “Escola de Música (15.013,82€)” de xeito que se reduza a achega provincial a 15.013,82€.

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Cultura favorable á substitución do Programa de actividades culturais 2020 do Concello de Monterroso, tendo en conta que entre outras, coa incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, e redúcese a achega provincial a 15.013,82€.

Con base no exposto propoño que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación solicitada polo Concello de Monterroso, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, procedendo a substitución de “Gastos Banda de Música Municipal; Escola de Música (total 17.117€)” por una soa actividade cultural e redúcese a achega provincial “Escola de Música (15.013,82€).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBSTITUCIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE QUIROGA, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:



“Logo de ver que Polo pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 2 de abril de 2020, por unanimidade acordouse prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2020, por unanimidade acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, co seguinte detalle para o programa de cultura do Concello de Quiroga: “Contratación de música tradicional a cargo de Ardentía; Banda de música popular polas rúas; Actuación de música tradicional grupos de gaitas locais; Concerto Agrupación Músico Vocal -Son do Sil-”, cunha achega provincial por importe de dez mil euros (10.000,00€).

Logo de ver o escrito do Concello de Quiroga, de data 9 de novembro de 2020, no que solicita a modificación do programa de actividades culturais de 2020, que comprende catro actividades, substituíndo a actividade “Concerto agrupación Músico Vocal -Son do Sil-” por “Espectáculo de animación infantil en Nadal: A Luz do Camiño”, así como a modificación do orzamento de gastos dalgunha das actividades culturais propostas inicialmente na memoria de 26 de xuño de 2020. Resultando o programa de actividades culturais coa seguinte denominación “Contratación de música tradicional a cargo de Ardentía; Banda de música popular polas rúas; Actuación de música tradicional grupos de gaitas locais; Espectáculo de animación infantil en Nadal: A Luz do Camiño”.

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Cultura favorable á modificación do Programa de actividades culturais do Concello de Quiroga, tendo en conta que entre outras, coa incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, nin se incrementa o importe da achega provincial de 10.000,00€ prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020.

Con base no exposto propono que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do programa de actividades culturais de 2020 solicitada polo Concello de Quiroga, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, procedendo a substitución dunha das

actividades: “Concerto agrupación músico vocal -Son do Sil” por “Espectáculo de animación infantil en Nadal: A Luz do Camiño”, así como a modificación do orzamento de gastos dalgunha das actividades culturais propostas inicialmente na memoria de 26 de xuño de 2020. Resultando o programa de actividades culturais coa seguinte denominación “Contratación de música tradicional a cargo de Ardentía; Banda de música popular polas rúas; Actuación de música tradicional grupos de gaitas locais; Espectáculo de animación infantil en Nadal: A Luz do Camiño”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBSTITUCIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE TRIACASTELA, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Logo de ver que Polo pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 2 de abril de 2020, por unanimidade acordouse prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2020, por unanimidade acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, co seguinte detalle para o programa de cultura do Concello de Triacastela: “Elaboración de contidos/fotos e impresión de 1000 exemplares dun libro-guía sobre Triacastela; Campo de Voluntariado Verán 2020”, cunha achega provincial de dez mil douscentos sesenta e catro euros con noventa céntimos (10.264.90€).

Logo de ver o escrito do Concello de Triacastela, de data 11 de novembro de 2020, no que solicita autorización para o cambio a modificación no obxecto do programa de actividades culturais 2020 que contempla dúas actividades, substituindo: “Elaboración de contidos/fotos e impresión de



1000 exemplares dun libro-guía sobre Triacastela (6.876,80€); Campo de Voluntariado Verán 2020 (3.388,10€)” por unha soa actividade cultural “Elaboración de contidos/fotos e impresión de 1000 exemplares dun libro-guía sobre Triacastela (10.264,90€)”, de xeito que se aplique o aforro producido de 3.388,10€ a incrementar o financiamento da actuación “Elaboración de contidos/fotos e impresión de 1000 exemplares dun libro-guía sobre Triacastela”.

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Cultura favorable á substitución do Programa de actividades culturais 2020 do Concello de Triacastela, tendo en conta que entre outras, coa incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, nin se incrementa o importe da achega provincial de 10.264,90€, prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020.

Con base no exposto propoño que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación solicitada polo Concello de Triacastela, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, procedendo a substitución de “Elaboración de contidos/fotos e impresión de 1000 exemplares dun libro-guía sobre Triacastela (6.876,80€); Campo de Voluntariado Verán 2020 (3.388,10€)” ” por unha soa actividade cultural “Elaboración de contidos/fotos e impresión de 1000 exemplares dun libro-guía sobre Triacastela (10.264,90€)”, de xeito que se aplique o aforro producido de 3.388,10€ a incrementar o financiamento da actuación “Elaboración de contidos/fotos e impresión de 1000 exemplares dun libro-guía sobre Triacastela”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 28 de novembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 78, do día 4 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019.

Propoño

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aproben as seguintes renuncias:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
ASOC. DE VECIÑOS O PAZO DE STA MARIÑA DO CASTRO DE AMARANTE	690,00
ASOC. DE VECIÑOS ACHÉGATE	400,00
ASOC. DE VECIÑOS STA. EULALIA DE ESPERANTE	615,00
ASOC. CONFRADÍA DO VIÑO DE QUIROGA	895,00
APA COLEGIO PÚBLICO SAN COSME DE BARREIROS	304,00
APA Y EXALUMNOS DEL COL. NAC. MIXTO COMARCAL SANTA MARÍA DEL VALLE DE ORO	821,00
ASOC. BENÉFICO CULTURAL HIJOS DE SAN MIGUEL Y REINANTE	675,00
ASOC. E-DEIDADES PARA A INTEGRACIÓN LABORAL DA MULLER	858,00
SOCIEDADE CULTURAL LEDICIA	784,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBSTITUCIÓN DO PROGRAMA DE TURISMO DO CONCELLO DE LOURENZÁ, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Logo de ver que polo pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 2 de abril de 2020, por unanimidade acordouse prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.



Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2020, por unanimidade acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, co seguinte detalle para o programa de Turismo do Concello de Lourenzá: “XXX Festa da Faba”, por importe total de doce mil euros (12.000,00€).

Logo de ver o escrito do Concello de Lourenzá, de data 11 de novembro de 2020, no que solicita autorización para o cambio no obxecto da achega do Plan Único de 2020 do programa de Turismo, substituíndo, “XXX Festa da Faba do Concello de Lourenzá ano 2020” por “Promoción da Faba; Dinamización do Camiño Norte en Lourenzá e o noso Patrimonio”.

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Turismo favorable á substitución do Programa de Turismo do Concello de Lourenzá.

Con base no exposto propoño que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a substitución solicitada polo Concello de Lourenzá, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, procedendo a substitución de “XXX Festa da Faba do Concello de Lourenzá ano 2020” por “Promoción da Faba; Dinamización do Camiño Norte en Lourenzá e o noso Patrimonio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- PROPOSTA DE SELECCIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE GALICIA E OBRADOIROS DE ALIMENTACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Reunida a Comisión de selección dos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo para participar no “Mercado de Nadal 2020”, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Centro de Artesanía e Deseño), ás 16:00 horas do día 09 de decembro de 2020, segundo o establecido nas bases da convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo para participar no “Mercado de Nadal 2020”, publicadas no BOP número 278 con data 03 de decembro de 2020.

Vista a documentación presentada polos aspirantes e valoradas pola Comisión, o deputado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, propón á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos.

1º.- Listaxe ordenada de obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo para participar no “Mercado de Nadal 2020”, seleccionados.

A Comisión de selección por unanimidade e tendo en conta a base sétima da convocatoria establece a seguinte valoración dos obradoiros seleccionados:

Obradoiros seleccionados		
Nº	ARTESÁN/A	PUNTUACIÓN TOTAL
1	REGALCERÁMICA, S.L.	47,00
2	VIDAL REVILLA VILLEGAS	41,00
3	ALEJANDRA IGLESIAS SUÁREZ	33,50
4	ANA ISABEL NOVO BARREIRO	32,50
5	MARÍA ISABEL CARRIL QUIROGA	32,00
6	MARÍA ROCÍO BARRAL VALIÑA	31,00
7	MÓNICA GARCÍA GRANDÍO	31,00
8	JAVIER DE CASTRO RODRÍGUEZ	25,50
9	ANTONIO FERNÁNDEZ VICENTE	23,00
10	MERCEDES BUJÁN PAREDES	22,50
11	INMACULADA DÍAZ CABADO	15,00

2º.- Como consecuencia da solicitude de renuncia ou non cumprimento dos criterios establecidos nas bases da convocatoria para a inscrición, admisión e selección dos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de



alimentación da provincia de Lugo para participar no “Mercado de Nadal 2020”, publicadas no BOP número 278 con data 03 de decembro de 2020 , excluíríanse ós seguintes solicitantes:

Obradoiros excluídos		
Nº	ARTESÁN/A	CAUSA DA EXCLUSIÓN
1	Embutidos artesanos Suarna, S.L.	Solicitou a renuncia á participación no Mercado de Nadal 2020
2	Lourdes Pombo López	Solicitou a renuncia á participación no Mercado de Nadal 2020
3	Silvans, S.C.	Solicitou a renuncia á participación no Mercado de Nadal 2020
4	Esquina Atlántica, S.L.	Solicitou a renuncia á participación no Mercado de Nadal 2020
5	Segundo Roberto Lascano Lascano	Non se achegou certificado de obradoiro artesán da provincia de Lugo inscrito no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia
6	Alejandro García Lourés	Non se achegou certificado de obradoiro artesán da provincia de Lugo inscrito no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia
7	Milagros López Díaz	Solicitud presentada fora de prazo
8	María Josefa Sánchez Castedo	Solicitud presentada fora de prazo

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

23.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA NA ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que, pola Xunta de Goberno de data dous de outubro de dous mil vinte se lles prestou aprobación ás bases da convocatoria do procedemento de concorrência competitiva para para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020.

Tendo en conta que o extracto das Bases da convocatoria aprobadas en Xunta de Goberno celebrada o día 2 de outubro de 2020 se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 235 do mércores, 14 de outubro de 2020.

Tendo en conta que de conformidade co punto 8º das Bases do procedemento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020,:

“...constituírase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.”

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes de premios incluídos nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no procedemento e que obra nos respectivos expedientes electrónicos.

Tendo en conta que os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse as listaxes nas que inclúen os/as solicitantes propostos e que van asinadas para os efectos.

Tendo en conta que, con data 14 de decembro de 2020 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda formular informe de avaliación para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020.

A vista da avaliación e informe da Comisión de Avaliación.

Visto o informe de servizo de Deportes.

Visto o informe de Intervención.

Por todo o exposto,



O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración;

Conceder os premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020, que se reflicten nas listaxes que se achegan no expediente e comeza con Adrián Díaz Pérez e remata con Rubén López López.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

24.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de dous mil cento oitenta e cinco euros (2185 €) a Club Monte Penarubiarunning para atletismo trail; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046, do sábado 23 de febreiro de 2019, emétese o seguinte,

Informe:

Que o Club Monte Penarubiarunning presentou no Rexistro presencial da Deputación Provincial con data 18/06/20 12:22 a conta xustificativa da subvención concedida para atletismo trail, por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019.

Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo do día 15 de febreiro de 2019, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Memoria de actuación xustificativa e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando a duración da actividade, e o nivel de logros acadados.

Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada, que conterá:

Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.

Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e data de pagamento. No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo até o importe da subvención concedida. Os documentos



acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas (“estampilladas”) polo órgano xestor. Soamente terán que presentar os xustificantes de gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto do contido das facturas, as mesmas deberán recoller o establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores.

O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e da financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data”, asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado. Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Para esta ultima situación, deberase achegar e presentar unha declaración responsable, (segundo o modelo normalizado) que substituirá á presentación das certificacións previstas no artigo 22 do mencionado Real Decreto.

Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.



Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Se é o caso, declaración responsable do representante da entidade de que a entidade que representa está asumindo o custo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita subvención, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Acreditación, se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Área de Deportes da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Que revisada a documentación xustificativa, da subvención de referencia, e de acordo co previsto no punto 12 das bases da convocatoria o servizo de Deportes requiriu a Club Monte Penarubiarunning, para que no prazo de dez días a contar dende o seguinte a recepción da notificación presentase e/ou emendase a conta xustificativa presentada:

Documento 2, ausencia de memoria

Documento 3, ausencia de declaración doutras subvencións

Documento 4, ausencia de declaración de gastos

Documento 5, ausencia de relación de gastos

Documento 6, ausencia de declaración xurada do IVE

Documento 7, ausencia de declaración xurada de estar ao corrente coas obrigas tributarias

Documento bancario actual co CIF do club beneficiario

Facturas orixinais polo importe da subvención concedida.

Acreditación do pagamento das facturas: se foron pagadas a través do banco, copia da transferencia ou do abono. Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data, asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Declaración de imputación do gasto.

Consta no expediente acreditación do aviso de recibo de data 15 de outubro de 2020 asinado pola entidade beneficiaria.

Que no referido requirimento, advertíase que de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvención, no suposto de falta de xustificación producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Que transcorrido o prazo sinalado no mencionado requirimento, o beneficiario non presentou ante a Excm. Deputación Provincial de Lugo, a documentación requirida.

Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2019, na que se prevé que a falta de presentación da xustificación poderá implicar a perda do dereito ao cobro da subvención previo tramite do correspondente expediente.

Que con data 02 de outubro de 2020 procedeuse a comunicarlle ao beneficiario, á vista do exposto do determinado nas bases da convocatoria, o inicio do procedemento previsto para a declaración de perda de dereito, co respectivo tramite de audiencia previo e por tanto a apertura do prazo previsto para alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considerase pertinentes, de acordo co sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento



Administrativo Común das Administracións Públicas. Consta no expediente acreditación documental do aviso de recibo de data 06 de novembro de 2020 asinado pola entidade beneficiaria.

Que transcorrido o prazo sinalado na mencionada notificación, Club Monte Penarubiarunning non presentou ante a Excm. Deputación Provincial de Lugo, ningunha alegación.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a Club Monte Penarubiarunning por importe de dous mil cento oitenta e cinco euros (2185 €) para atletismo trail, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046, do sábado 23 de febreiro de 2019.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046 do sábado 23 de febreiro de 2019.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

25.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DO ALCALDE DO CONCELLO DE BURELA DE DESTINAR OS FONDOS CONCEDIDOS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS

DENTRO DO “PROGRAMA DE CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS” Á EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “XORNADA DE FÚTBOL BURELA 2020”, “DEPORTE NA RÚA” E “FIN DE SEMANA EN BICI 2020”, DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Á vista solicitude do Concello de Burela formulada polo seu alcalde no que expón “... con motivo da actual emerxencia sanitaria, o Concello de Burela tivo que cancelar as actividades encadradas dentro do programa de actividades deportivas do Plan Unico 2020” polo que solicita “o cambio das seguintes actividades: V Carreira popular: Burela Bonita pola actividade “Xornada de fútbol Burela 2020. Torneo fútbol sala Heroes do Orzan pola actividade Deporte na rúa. VI Torneo Marosa Cup pola actividade Fin de semana en bici 2020”.

Á vista do informe do servizo de Deporte do seguinte teor literal:

«Informe relativo a solicitude do alcalde do Concello de Burela de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de actividades deportivas” á execución das actuacións “Xornada de fútbol Burela 2020”, deporte na rúa, e fin de semana en bici 2020”, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Vista a solicitude de N° expediente: 2020/PES_03/022159 e n° rexistro 2020RT011191 de data 11/12/2020 14:23:50 polo alcalde do Concello de Burela no que expón “... con motivo da actual emerxencia sanitaria, o Concello de Burela tivo que cancelar as actividades encadradas dentro do programa de actividades deportivas do Plan Unico 2020” polo que solicita “o cambio das seguintes actividades: V Carreira popular: Burela Bonita pola actividade “Xornada de fútbol Burela 2020. Torneo fútbol sala Heroes do Orzan pola actividade Deporte na rúa. VI Torneo Marosa Cup pola actividade Fin de semana en bici 2020”, emítese o seguinte informe,

Antecedentes



O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrado o 2 de abril de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, publicadas no BOP nº 077, de data 3 de abril de 2020.

A base 23ª.- determina que:

A xestión do Plan único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:

(...)

e. Programa de actividades deportivas: Servizo de Deportes.

Pola súa parte, a Base B.5.- Programa de actividades deportivas, reflicte que con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020. E que se atenderá ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

O alcalde do Concello de Burela presentou, en data 29/06/2020 13:27:24, solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Burela formulaba como actividades a desenvolver “Actividades deportivas: V carreira popular Burela Bonita, Torneo héroes do Orzán e VI torneo Marosa Cup”, cunha achega da Deputación Provincial por importe total de 9.900,00 €.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2020, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que se contempla unha achega de 9.900,00 € para a Programa de actividades deportivas: “Actividades deportivas: V carreira popular Burela Bonita, Torneo héroes do Orzán e VI torneo Marosa Cup”.

O Alcalde do Concello de Burela solicita destinar o importe concedido 9.900,00 € para a realización das actuacións recollidas no Programa de actividades deportivas: “Actividades deportivas: V carreira popular Burela Bonita, Torneo héroes do Orzán e VI torneo Marosa Cup” á

execución das seguintes actividades: “Xornada de fútbol Burela 2020”, Deporte na rúa, e Fin de semana en bici 2020”.

Ha de terse en conta que o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 contempla, na súa Base 17.2. Resto programas, que os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación.

Cómpre lembrar que segundo o reflectido na Base 18.7 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 “a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2021, a conta xustificativa”.

E que así mesmo, as Bases do referido Plan prevén na súa Base 11.2 que “Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación”.

No relativo ao órgano de aprobación, cabería concluír que por analoxía e para supostos de solicitudes coma o que se propón por parte do Concello de Burela, debería entenderse a Xunta de Goberno como órgano competente para estimar ou desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan Único.

Así mesmo, cómpre lembrar o previsto no o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que no seu artigo 172 dispón expresamente que “os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas”.



En consecuencia, á vista do exposto e a xuízo de quen asina, procedería estimar a solicitude formulada polo Concello de Burela para “Xornada de fútbol Burela 2020”, Deporte na rúa, e Fin de semana en bici 2020”, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, dado que a modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividade deportivas, suporía no seu caso a realización de actividades que serían da mesma tipoloxía, tendo en conta que a actividade proposta, se axustaría ao fomento de actividades deportivas de mantemento e exercicio físico e de promoción de hábitos saudables, e entendendo por tanto, - e a salvo da valoración por parte do servizo de Intervención respecto desta cuestión-, que non suporían unha modificación orzamentaria.

Á vista do informe do servizo de Intervención.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Estimar, en base ao establecido na Base 11.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, a solicitude do alcalde do Concello de Burela de modificación de actividades deportivas para destinar os fondos ás actividades Xornada de fútbol Burela 2020”, Deporte na rúa, e Fin de semana en bici 2020, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, dado que a modificación proposta consistiría na realización de actividades que serían da mesma tipoloxía e non suporían modificación orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

26.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DO ALCALDE DO CONCELLO DE LOURENZÁ DE DESTINAR OS FONDOS CONCEDIDOS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS DENTRO DO “PROGRAMA DE CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS” Á EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “LOURENZÁ FIN DE ETAPA E PROGRAMA DE

ACTIVIDADE FÍSICA DE DINAMIZACIÓN NAS PARROQUIAS”, DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

Á vista solicitude do Concello de Lourenzá formulada polo seu alcalde no que solicita “a modificación do programa de actividades deportivas por Covid-19”.

Á vista do informe do servizo de Deporte do seguinte teor literal:

«Informe relativo a solicitude do Alcalde do Concello de Lourenzá de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de actividades deportivas” á execución de actuacións “Lourenza fin de etapa e programa de actividade física de dinamización nas parroquias”, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Vista a solicitude de data 23/11/2020 15:00:04 pola alcaldesa do Concello de Lourenzá no que solicita “a modificación do programa de actividades deportivas por Covid-19”, emétese o seguinte informe,

Antecedentes

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrado o 2 de abril de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, publicadas no BOP nº 077, de data 3 de abril de 2020.

A base 23ª.- determina que:

A xestión do Plan único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:

(...)

e. Programa de actividades deportivas: Servizo de Deportes



Pola súa parte, a Base B.5.- Programa de actividades deportivas, reflicte que con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020. E que se atenderá ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

A alcaldesa do Concello de Lourenzá presentou, en data 05/05/2020 14:10:43 solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Lourenzá formulaba como actividades a desenvolver “Actividades deportivas: V Gala do deporte, XXIV Día da bici, XI Val das Fabas, III Marcha cicloturista, IV Milla popular, III Desafío Tovar cadeira e actividade física de dinamización nas parroquias”, cunha achega da Deputación Provincial por importe total de 8.000,00 €.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2020, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que se contempla unha achega de 8.000,00 € para a Programa de actividades deportivas: “Actividades deportivas: V Gala do deporte, XXIV Día da bici, XI Val das Fabas, III Marcha cicloturista, IV Milla popular, III Desafío Tovar cadeira e actividade física de dinamización nas parroquias”.

Con data de data 23/11/2020, a Alcaldesa do Concello de Lourenzá solicita modificación nas actividades deportivas previstas inicialmente e destinar o importe concedido (8.000,00 €) para a realización das actuacións recollidas no Programa de actividades deportivas: “V Gala do deporte, XXIV Día da bici, XI Val das Fabas, III Marcha cicloturista, IV Milla popular, III Desafío Tovar cadeira e actividade física de dinamización nas parroquias” á execución das seguintes actividades: Lourenza Fin de Etapa e Programa de actividade física de dinamización nas parroquias.

Ha de terse en conta que o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 contempla, na súa Base 17.2. Resto programas, que os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do

vencemento de cada programa, que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación.

A modificación formulada polo Concello de Lourenza reflicte execución das seguintes actividades: “Lourenza Fin de Etapa e Programa de actividade física de dinamización nas parroquias”. En ambas as dúas accións, achéganse os respectivos orzamentos de gastos derivados da actividade presentada coa indicación dos conceptos que a entidade local prevé para a actuación deseñada, e que á vista da documentación presentada de acordo co previsto nas Bases do Plan Único 2020, deberán cinxirse a gastos correntes.

As actividades de carácter deportivo agora formuladas, e malia non encaixaren no concepto ortodoxo de disciplina deportiva competitiva, consistirían á vista da solicitude, no desenvolvemento dunha actividade física e de promoción de hábitos saudables a partir da realización de exercicio físico, adaptado ao público diana da acción.

Cómpre lembrar que segundo o reflectido na Base 18.7 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 “a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2021, a conta xustificativa”.

E que así mesmo, as Bases do referido Plan prevén na súa Base 11.2 que “Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación”.

No relativo ao órgano de aprobación, cabería concluír que por analoxía e para supostos de solicitudes coma o que se propón por parte do Concello de Lourenzá, debería entenderse a Xunta de Goberno como órgano competente para estimar ou desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan Único.



Así mesmo, cómpre lembrar o previsto no o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que no seu artigo 172 dispón expresamente que “os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas”.

En consecuencia, á vista do exposto, e a xuízo de quen asina, procedería estimar a solicitude formulada polo Concello de Lourenzá para “Lourenza Fin de Etapa e Programa de actividade física de dinamización nas parroquias”, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, dado que a modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividade deportivas, suporía no seu caso a realización de actividades que serían da mesma tipoloxía, tendo en conta que a actividade proposta, malia non estar definida como disciplina deportiva específica, axustaríase ao fomento de actividades deportivas de mantemento e exercicio físico e de promoción de hábitos saudables, e entendendo por tanto, - e a salvo da valoración por parte do servizo de Intervención respecto desta cuestión-, que non suporían unha modificación orzamentaria.

Á vista do informe do servizo de Intervención.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Estimar, en base ao establecido na Base 11.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, a solicitude do alcalde do Concello de Lourenzá de modificación de actividades deportivas para destinar os fondos ás actividades Lourenza Fin de Etapa e Programa de actividade física de dinamización nas parroquias, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, dado que a modificación proposta consistiría na realización de actividades que serían da mesma tipoloxía e non suporían modificación orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

27.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DUN TRABALLADOR DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Sr. Deputado Delegado de Área de Recursos Sostibles, en data 10 de decembro de 2020, formulou un Informe Proposta, dirixido á Presidencia desta Entidade, ao que deu conformidade a asinante, Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, no que solicita:

“Que pola Presidencia, de estimalo oportuno, se inste o inicio dos trámites para prorrogar a permanencia no servizo activo do actual Director da Granxa Gayoso Castro, Don Miguel Ángel Fernández López, coa finalidade de evitar un retraso indesexado na posta en marcha das prácticas previstas na Granxa Experimental Gayoso Castro é permitindo que se poida producir unha transición técnica axeitada sen menoscabar as actuacións programadas, solapando a presenza técnica polo tempo imprescindible para a familiarización coa infraestrutura, o equipo humano e a metodoloxía de traballo e organizativa existente que garantan o seu axeitado funcionamento e continuidade, pois considero que é necesario, urxente, imprescindible e excepcional pois a presenza do Veterinario/a e do Director da Granxa é fundamental, así como que exista un tempo de transición axeitado, estimándose que deberá prolongarse a dita permanencia ata o 7 de maio de 2021”.

A dita proposta de prolongación da permanencia no servizo activo contén a conformidade expresa do funcionario afectado, Don Miguel Ángel Fernández López, funcionario de carreira, veterinario, encadrado no Grupo A, subgrupo A1.

Tendo en conta o Acordo da Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, de 14 de novembro do 2013, en materia de xubilación:



“Xubilacion do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015).

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar, entre outros, os seguintes aspectos relevantes:

A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, o funcionario solicitante desempeña un papel moi importante dentro da Entidade, na súa condición de titular do posto de Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, realizando funcións básicas e imprescindibles para o funcionamento da Área de Recursos Sustentables da Deputación Provincial de Lugo.



Tomando en consideración e que está acreditado a necesidade de que a incorporación do persoal técnico se realice cun certo solapamento temporal, a fin de garantir unha transición axeitada que non perxudique o funcionamento das actuacións e actividades programadas na Granxa provincial Gayoso Castro.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada.

Tendo en conta que existe conformidade expresa do funcionario afectado de prolongar a súa permanencia no servizo activo, e estando acreditado o seu bo desempeño, segundo se recolle no expediente de avaliación individual de desempeño; e asistencia regular ao posto de traballo, segundo se constata no informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza.

Á vista de canto antecede, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a proposta; procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo accedendo á proposta do Deputado Delegado de Área de Recursos Sostibles, de prolongar a permanencia no servizo activo de D. Miguel Ángel Fernández López, funcionario de carreira e titular do posto de Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 7 de maio de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

28.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BOLSAS DE ESTUDOS CURSO 2019/2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 9 de outubro de 2020, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de Bolsas de Estudos, correspondente ao curso 2019-2020, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 236 de data 15 de outubro de 2020, para os

empregados públicos da Excm. Deputación provincial, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base décima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 11 de decembro de 2020, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laboral fixo, laboral temporal, xubilado, eventual e orfos, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas para bolsas de estudos correspondentes ao curso 2019-2020, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Propios Funcionarios	2.425,34 €
Propios Funcionarios Interinos	7.413,86 €
Total Propios Funcionarios	9.839,20 €
Total Propios Persoal Laboral Temporal	2.955,42 €
Total Propios Eventuais	619,24 €
Beneficiarios Funcionarios	52.316,50 €
Beneficiarios Funcionarios Interinos	15.202,75 €
Total Beneficiarios Funcionarios	67.519,25 €
Beneficiarios Persoal Laboral Fixo	9.941,74 €
Beneficiarios Persoal Laboral Temporal	8.016,20 €
Total Beneficiarios Persoal Laboral	17.957,94 €
Total Beneficiarios Funcionarios Xubilados	251,38 €
Total Beneficiarios Persoal Laboral Fixo Xubilados	3.406,48 €
Total Orfos Funcionarios	502,76 €
Total Orfos Persoal Laboral Fixo	1.670,50 €
Total	104.722,17

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



29.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS AXUDAS DOS GASTOS DE GARDERÍA DENDE O 1 DE SETEMBRO DE 2019 ATA O 31 DE AGOSTO DE 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 9 de outubro de 2020, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de setembro do 2019 e o 31 de agosto do 2020, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 236 de data 15 de outubro de 2020, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base sétima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 11 de decembro de 2020, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laborais temporais e xubilados, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período comprendido entre o 1 de setembro do 2019 e o 31 de agosto do 2020, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Funcionarios	1.498,44 €
Funcionarios Interinos	3.016,75 €
Total Funcionarios	4.515,19 €
Persoal Laboral Fixo	2.588,21 €
Persoal Laboral Temporal	339,34 €
Total Persoal Laboral	2.927,55 €
Total Funcionarios Xubilados	681,11 €
Total Persoal Eventual	681,11 €
Total	8.804,96 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

30.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA, ANO 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de 9 de outubro de 2019, aprobáronse as Bases do Concurso, para adxudicación de axudas na adquisición ou rehabilitación da Vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao 2019, convocado no Boletín Oficial da Provincia nº 236 de data 15 de outubro de 2020, afectados polo ámbito de vixencia do Acordo Marco Único para persoal funcionario e do Convenio Colectivo Único para persoal laboral, da Deputación provincial de Lugo.

De acordo co establecido na Base sétima das mesmas, esta Presidencia, en representación da Comisión da Valoración, que celebrou reunión o día 11 de decembro de 2020, formula ante a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Outorgar ao persoal funcionario, funcionarios interinos, laborais e xubilados, desta Deputación provincial que se relaciona no Anexo, as contías que se sinalan na citada relación en concepto de axudas na adquisición ou rehabilitación da Vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao 2019, cuxos importes ascenden as seguintes cantidades:

Funcionarios	8.968,82 €
Funcionarios Interinos	2.552,86 €
Total Funcionarios	11.521,68 €
Persoal Laboral Fixo	1.729,03 €
Persoal Laboral Temporal	383,62 €
Total Persoal Laboral	2.112,65
Funcionarios Xubilados	816,87 €
Funcionarios Interinos Xubilados	285,99 €
Total Funcionarios Xubilados	1.102,86 €
Total	<u>14.737,19 €</u>



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

31.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta da sentenza nº 195/2020 de 9 de novembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 82/2020-S, seguido a instancias de D. Mohammed Leftah fronte á Deputación Provincial de Lugo en materia de responsabilidade patrimonial; e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Mohammed Leftah frente a la Excm. Deputación Provincial de Lugo, con intervención de Mapfre Cía de Seguros y Reaseguros, S.A., seguido como proceso abreviado número 82/2020 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta sentencia, que la declara ajustada al ordenamiento jurídico. No se efectúa expresa imposición de las costas procesales.”*

ASUNTO DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, para aconcesión de subvencións destinadas aos titualres de obradoiros artesáns incluídos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia na provincia de Lugo no contexto da crise da pandemia da Covid-19, anualidade 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que, pola Xunta de Goberno , en sesión celebrada o pasado 23 de outubro de 2020, prestóuselles aprobación ás bases e os modelos de solicitude que había de rexer no procedemento de concorrencia non competitiva para a concesión de subvencións destinadas aos

titulares de obradoiros artesanís incluídos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia na Provincia de Lugo no contexto da crise da pandemia da Covid-19, anualidade 2020.

Tendo en conta que as bases reguladoras da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia Núm.256 – Sábado 07 de novembro de 2020.

Tendo en conta que de conformidade co Punto 7º das Bases do Procedemento de subvencións destinadas aos titulares de obradoiros artesanís incluídos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia na Provincia de Lugo no contexto da crise da pandemia da Covid-19, anualidade 2020, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica , a través do Centrad, desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes presentados, formulando unha proposta de resolución a través do órgano instructor consonte ó disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes que se achegan na documentación complementaria , cuxos expedientes, coa documentación que se acompaña para participar no procedemento, foron aceptados polo órgano instructor, e , no seu caso, aquelas solicitudes desestimadas e a causa da súa desistencia.

Tendo en conta que para esta proposta de resolución os criterios empregados para a valoración e avaliación das solicitudes presentadas foron os recollidos na norma específica do procedemento, trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que para estes efectos, achégase a listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos e que vai rubricada para o efecto.

Visto o Informe do Centrad.

Visto o Informe de Intervención.

Por todo o dito,



O Deputado que subscribe , propón que pola Xunta de Goberno , en base á proposta do Órgano Instructor:

Conceder as subvencións individualizadas que se mencionan na listaxe que figura no expediente, así como a desestimación das solicitudes que asímesmo se inclúen no citado expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

32.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cuarenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.